

### **1.13º.- CONTRATACIÓN DE OBRA.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Visto o expediente de contratación da obra que se indica e a proposta da mesa de contratación, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

*1.- Adxudicar a execución da obra de “rehabilitación do pavillón polideportivo municipal” á empresa que presentou a oferta máis vantaxosa, Diconsa, diseño y contrucción S.A. con N.I.F. A-15.246.148, representada por D<sup>na</sup>. Susana Núñez González con D.N.I. número 33.275.287-Z no prezo ofertado de catrocentos vinte e tres mil catrocentos doce euros con vinte e seis céntimos (423.412,26€).*

*2.- A empresa adxudicataria realizará as obras complementarias que o concello determine e sen custo para este por un valor de corenta e nove mil cento cincuenta e sete euros con setenta e un céntimos (49.157,71€).*

*3.- Proceder á devolución das fianzas provisionais ás demais empresas presentadas.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.